

CASTELAO NO PARTIDO GALEGUISTA

F. FERNANDEZ DEL RIEGO
Real Academia Galega

Patriota galego

Non hai dúbida de que poucas figuras da Galicia contemporánea chegaron a ser directores espirituais de xeneracións sucesivas, na intensidade e na extensión con que o foi Castelao. Na súa persoa encarnouse a esencia do país, a través do seu arte e da súa interpretación dos sentimentos populares. Pódese decir que todo o que se refería ao cerne do espírito galego, simbolizouse nel. Os homes do seu tempo, e mesmo os de agora, coinciden en considerar que Castelao foi, principalmente, unha das grandes personalidades que produciu Galicia no século vinte. De xeito fundamental, era un extraordinario patriota galego. Chegou a acadar unha identificación integral, case mística cabería decir, coa terra que o ollou nacer. Mesmo por iso, convertiuse nun verdadeiro símbolo para o seu pobo. A fidelidade a Galicia e ao xenio expresivo do noso ser peculiar, foron os resortes que fixeron de Castelao unha realidade admirada e respetada por todos.

Ideolóxicamente formouse durante a etapa de transición do rexionalismo ao nacionalismo. Foi nacionalista sobranceiro no tempo das "Irmandades da Fala". Máis tarde, ao se fundar o "Partido Galeguista" no ano 1931, entregouse á política activa, convertíndose na figura máis representativa do galeguismo político. Despois de servir ao seu país, reflexándoo nunha plástica orixinalísima -polo aguda e baril- honrouno na acción partidaria. Esta acción non se reduciu ao protagonismo na tribuna e no xornal, senón que, transcendéndoo, irradiouse desde o banco parlamentario; e, últimamente, desde o gabinete ministerial.

Ideoloxía Nacionalista

Ao pouco tempo de ser destinado a Pontevedra como funcionario de Estadística, Castelao promoveu nesa cidade a fundación dunha "Irmandade". Xa en maio do 1917 interviria, con outros oradores, nun acto celebrado no Colexio de San Clemente, para conmemorar o primeiro aniversario da creación das "Irmandades da Fala" na Coruña. Na Asamblea inicial que tivo lugar en Lugo, levou, xunto con Cabanillas, a representación pontevedresa. Comezou a colaborar en "A Nosa Terra", e no número 25 apareceu unha amosa do seu labor como caricaturista político.

No Instituto de Pontevedra, onde Losada Diéguez era catedrático de Filosofía, e Castelao profesor auxiliar de debuxo, estableceuse unha íntima comunicación entre ámbolos dous. O ideólogo e máis o artista promoveron, e animaron, diversas institucións; entre elas, a "Coral Polifónica". A ideoloxía de Losada Diéguez foi determinante na formación nacionalista de Castelao, como tamén, con posterioridade, a de Vicente Risco. Con este mantivo estreitos vencellos, sobre todo a través da revista "Nós", da que un era director literario e o outro artístico. A popularidade do autor de "Cousas da vida" cobrou dimensión coas caricaturas que publicaba no xornal "Galicia" e no "Faro de Vigo"; e fóra do país, coas que inxería no periódico madrileño "El Sol".

Alá polos primeiros meses do 1930. Castelao comezou a intervir en campañas políticas, con mítins no rural, empregando sempre como medio de expresión a lingua galega. O 27 de abril daquel ano, celebrouse na Coruña -presidida por Risco- a IV Asamblea Nacionalista, á que Castelao concurriu como cabezaleiro da delegación pontevedresa. O "Día de Galicia" dese mesmo 1930 organizouse un importante mítin no Teatro "García Barbón", de Vigo, na que participaron Paz Andrade, Otero Pedrayo e Castelao. Este falou sobre "O galeguismo no arte". Posteriormente, no mes de setembro, asistiu ao sonado "Pacto de Barrantes", sendo un dos firmantes do documento no que se planteaba a problemática de Galicia.

Presencia no Parlamento

A unidade de acción entre varios grupos galeguistas púxose de manifesto nunha xeira de mítins realizada en terras de Pontevedra. Castelao interviu en varios deles, representando a "Labor Galeguista". Nunha xuntanza presidida por Barrantes del Río, e na que actuou de segredario Alexandro Bóveda, acordouse que o galeguismo participase na xornada electoral das Cortes Constituíntes da República, fixada para o día 28 de xuño do 1931. Resolveuse presentar, "por xuício unánime", unha candidatura formada por Castelao, Cabanillas e Paz Andrade. Pouco antes da votación celebrouse un importante mítin na capital do Lérez, no que interviron os dous primeiros. Cando, despois de realizado o escrutinio das eleccións, se obtiveron os resultados, só Castelao foi elixido deputado. Cabanillas e Paz Andrade, pesie a acadar unha importante votación, non atinxiron escano. A par de Castelao, saído en Pontevedra pola minoría, conseguiu acta en Ourense Otero Pedrayo. Ambolos dous, ademais de correligionarios, eran grandes amigos. O derradeiro domingo de xuño, o autor do álbum "Nós" publicou unha autocaricatura de corpo enteiro, á que lle puxo o seguinte pé: "¡Que ganas teño de retirarme da política!".

Xa encetadas as sesións das Cortes, Castelao falou por primeira vez no salón do Congreso. Ergueuse para defender unha enmenda, firmada por el, Otero Pedrayo, Suárez Picallo e os deputados da "Orga", relativa ao texto do artigo 4 da Constitución. Tratába este dos idiomas rexionais, e Castelao, na súa intervención, fixo unha acesa defensa do galego. Pediu que se consignase o respecto á nosa lin-

gua, e, concretamente, solicitou que -xunto co castelán- fose idioma oficial en Galicia. Tamén, durante a discusión dos primeiros artigos da Carta constitucional, referentes á estruturación do Estado, fixeron unha afervoadada defensa do federalismo os deputados galeguistas.

Aproveitando a elaboración dun novo plan de estudos que tentaba transformar as Escolas Normais en centros universitarios, Castelao e Otero Pedrayo realizaron intensas xestións para que se creasen cátedras de galego nas de Galicia. Tempo antes, no último día de xullo, organizouse un gran homenaxe na popular "Bombilla", a Villar Ponte -persoeiro da "Orga" naquel entón- e aos tres deputados galeguistas. O 10 de novembro, Alexandro Bóveda e Basanta del Ríu ratificaron públicamente, no nome do Comité Xeral do "Partido Galeguista" en Pontevedra, o apoio ao Estatuto que xa ofrecera Castelao en representación do mesmo.

O Partido Galeguista

Nas cidades e nas vilas do país había unha chea de agrupacións que arelaban coincidir nun fronte común, formando un canle no que se sumasen os esforzos de todos nunha única actividade galeguista. Os días 5 e 6 de decembro do 1931 reuniuse en Pontevedra a VII Asamblea nacionalista, que veu ser a última das que as "Irmandades da Fala" celebraron ao longo da súa historia. Un algo máis tarde constituíuse na mesma cidade o "Partido Galeguista", como organización disposta a loitar no marco da segunda República, oito meses despois de se proclamar esta. Creouse como fruto da unión dos diferentes grupos que existían no país. Entre eles: O "Partido Nacionalista Republicano" de Ourense, no que militaban Vicente Risco e Otero Pedrayo; o "Partido Autonomista" de Vigo, no que figuraba Paz Andrade; o "Partido Galeguista" de Pontevedra, do que formaban parte Castelao, Cabanillas, Filgueira Valverde e Alexandro Bóveda; os membros da "Irmandade da Fala" da Coruña que non pertencían á "Orga"; e a "Organización Republicana Gallega Autónoma" de Buenos Aires, que tiña como persoeiros a Suárez Picallo e a Alonso Ríos.

Na asamblea constituínte, os promotores informaron do labor preparatorio que se realizara. Elexida a mesa presidencial, actuaron nela como segredarios Alexandro Bóveda e Plácido Castro. Despois de rematadas as deliberacións, e efectuada a clausura, os asambleístas reuníronse nun xantar. A seguido de varias intervencións oratorias, Castelao fixo un brindis, no que sostivo que para liberar a Galicia compría "un gran partido político". Manifestou que ao galeguismo chegábase por dous camiños: Polo da historia, que é o que percorren os intelectuais; e pola visión das inxusticias que a cotío se cometen no noso país, que é o que sigue o pobo. Ambolos dous concurren a outro, que é o do sentimento.

A asamblea contou coa asistencia de cantas células viñan traballando a prol da causa galeguizadora. Determinouse que o novo partido nacía para levar ao tereiro da política galega un sentido completamente anovador. Xurdía para convencer ás xentes de que Galicia seguiría sen acadar nada en ningún orde, mentres obedecese politicamente aos dictados dos partidos que tiñan a súa dirección en

Madrid. Tencionaba a galeguización do país. Para elo, tentaba non só atraer aos intelectuais e profesionais, senón, de xeito particular, aos labregos e mariñeiros.

O "Partido Galeguista" elixiu, para o seu goberno, unha Segredaría Executiva, integrada por Pedro Basanta del Río, como segredario xeral; Xosé Filgueira Valverde, como segredario técnico; Xosé Núñez Bua, de propaganda; e Alexandro Bóveda Iglesias, de organización. Organizado democráticamente, o Partido non tiña xefes. Dirixíase por un Consello de quince membros, cinco dos cales eran os encargados das diferentes segredarías.

Entre as moitas actividades desenvoltas a partir da súa constitución, cabería sinalar algúns polo seu acento significativo. Na primavera do 1932, Castelao e Otero Pedrayo foron convidados por Marciá a visitar a "Generalitat" de Cataluña. Organizáronse alí diversos actos no seu honor, nos que se exaltaron os vencellos de irmandade entre galeguistas e catalanistas. O 12 de xuño dese mesmo ano celebrouse en Lugo un magno homenaxe ao autor de "Cousas", ao que asistiron xentes e representacións de toda Galicia. A parte máis importante do acontecemento consistiu nun xantar popular no "Hotel Méndez Núñez", no que Castelao pronunciou un memorable discurso, aínda que máis emocional que político.

Actividade a prol do Estatuto

As actuacións parlamentarias de Castelao durante o ano 1932 foron máis ben escasas. O 23 de xullo interviu para falar das actas de Pontevedra, e a súa intervención serviu para que aquelas non foran anuladas. Outro triunfo seu foi o discurso que pronunciou no Congreso en defensa do idioma galego, ao se discutir o artigo primeiro da Constitución, como xa indicamos. E tamén, ao lle pedir ao Goberno que creáxese cal debería ser o organismo encargado de estudar e propagar o Estatuto autonómico. En maio do 1933, o "Partido Galeguista" publicou un folleto de gran tiraxe no que se recolleron os textos das interpelacións que Castelao, Otero Pedrayo e Suárez Picallo fixeran no Parlamento. No seu discurso, Castelao expresou que os deputados galeguistas mantíñanse desligados de todo vencello político co Goberno e cos partidos da maioría. Pero, entusiastas do réxime republicano e parlamentario, non quixeran ter en conta as desatencións das que fora obxecto a nosa terra. Formulou daquela un memorial de agravios. Falou do ferrocarril Zamora-Ourense, do caciquismo e da descentralización, do Estatuto Galego, da tributación, e da pequena propiedade.

Cando se constituíu a Comisión encargada de elaborar o proxecto de Estatuto cun criterio integrador, Bóveda xogou un papel sumamente destacado. Como é sabido, os días 17, 18 e 19 de decembro celebrouse no salón de actos da Facultade de Medicina compostelana, a Asamblea de Concellos de Galicia. Ademais da maior parte destes, asistiron deputados, autoridades provinciais, e socios dos partidos e de diversas institucións. Os galeguistas desempeñaron na ocasión un protagonismo crucial. O proxecto aprobado na Asamblea prometía condicións aceptables para a consulta plebiscitaria. O Consello Executivo do "Partido Galeguista" resolveu integrarse na "Comisión Central", pero sen renunciar a

seguir laborando a prol dos principios maximalistas. Comprometeuse a apoiar o proxecto estatutario, mais continuando a traballar para que a Galicia se lle recoñecesen tódolos dereitos fixados no programa do Partido. E cumpriron con lealdade o compromiso.

A partir de entón fíxose unha intensa campaña en todo o país. En febreiro de 1933 tivo lugar un importante mitin pro-Estatuto en Ribadeo. Castelao expuxo alí que o federalismo, lonxe de se opór ao pacifismo e ao universalismo, viña ser o único camiño para chegar a eles. Enumerou as ventaxas que non só para Galicia, senón para o Estado español, e mesmo para a Humanidade, supuñan o que os pobos cultivasen o seu espírito, creando unha cultura propia e orixinal; cultura que soamente no idioma autóctono podía atopar o seu axeitado instrumento creador. Meses despois -o 8 de setembro- o "Partido Galeguista" publicou un vibrante manifesto dirixido ao país. Explicábanse nel as causas motivadoras que o alonxaban dos partidos políticos que, chamándose galegos, desertaran da súa obriga ante o Estatuto. Sinalábanse as razóns do afervoamento autonomista que o peculiarizaba; e tamén as conductas das outras forzas partidarias, a postura do Partido Republicano Galego e a actitude amosada por Casares Quiroga. Engadíase aínda: "Arredados dos traidores, concurreiremos á Asamblea que o "Comité Central" convocou en Compostela, co fin de que, si triunfan as deslealtades e os manexos dos partidos, quede a salvo a dignidade do noso pobo, que non tardará en escoitar plenamente a nosa verdade e segui-los nosos vieiros".

No mesmo ano do que falamos, disolveuse a lexislatura constituínte do réxime republicano. Ao se convocar as novas eleccións, o Comité electoral do "Partido Galeguista", fixo o seguinte acoplamento de candidatos: Castelao e Paz Andrade, por Pontevedra. Otero Pedrayo, por Ourense. Suárez Picallo, Martínez López e Banet Fontenla, pola Coruña. Alvarez Gallego e Basanta del Río, por Lugo. Na campaña pontevedresa participou moi activamente Castelao, e tamén na luguesa. Os candidatos máis votados foron, el en Pontevedra, Otero Pedrayo en Ourense, e Suárez Picallo na Coruña. Non obstante, da consulta electoral non saíu ningún deputado galeguista, quedando así o galeguismo fora do xogo parlamentario. Frente a este revés, o Partido decidiu levar a cabo un amplo programa de afiliacións. Manifestouse daquela, dentro das súas filas, unha tendencia conservadora de signo nacionalista. Outra, favorable a un achegamento aos partidos españois de esquerda, aínda que sen compromisos ideolóxicos cos mesmos. Figurou, asimesmo, algún arredista, como Alvaro das Casas. En calquera caso, o Partido declarouse interclasista e aconfesional.

O desterro no bienio negro

O 8 de xullo de 1934, que cadrou en domingo, celebrouse en Ourense un importante mitin, no que participou Castelao. Este, no seo do galeguismo partidario, pasou a ser considerado como home de esquerdas. Fixou alí a súa posición político-ideolóxica, de acento esquerdista. Refiriuse á unión dos republicanos, a Cataluña, e aos principais baluartes do réxime. Con todo, sentou a afirmación de

que "sendo galego non débito ser máis que galeguista". Posteriormente, o Consello Executivo do Partido, agora denominado Consello Nacional, encargoulle a elaboración dun proxecto de enlace coas forzas republicanas e agrarias.

Ao se producir a revolta do 34, Castelao foi desterrado a Badaxoz, e Bóveda a Cádiz. O desterro ía dirixido, sen dúbida, contra o corazón do movemento galeguista. No caso do autor de "Nós" dábase o feito de que, ademais de ter acometido importantes tarefas políticas, era, sobre todo, unha figura pública, a máis coñecida do Partido. Na ocasión do devandito desterro, tódolos grupos galeguistas do país recibiron unha circular clandestina da Segredaría Xeral, firmada por Gómez Román. Anunciábaselles nela, que ás catro da tarde, á hora do exprés, saírían de Pontevedra os desterrados. Pedíase que ninguén faltase na estación de partida, e que nas do traxecto -Redondela, Porriño, Pontearreas, Arbo, Ribadavia, Ourense, Monforte, Barco de Valdeorras- comezasen decontado a preparación dos actos de despedida-homenaxe aos viaxeiros. Para substituír a Castelao durante a súa ausencia, designouse a Paz Andrade como segredario político suplente.

Despois de levantada a sanción, e xa reintegrados á vida activa no país os dous dirixentes, celebrouse en Santiago ós días 20 e 21 de abril do 1935, a IV Asamblea do Partido. Nela foron ratificados nos postos de Segredario de Organización e Segredario Político, Bóveda e Castelao, respectivamente. Entre os diversos actos que organizou o "Partido Galeguista", o "Día de Galicia" daquel ano, sobranceou o que se lle adicou a Curros Enríquez na Coruña. Participaron varios oradores con intervencións breves, exaltatorias da personalidade e a obra do autor de "Aires da miña terra". O tema tratado por Castelao foi sobre "Curros e os labregos".

As novas eleccións

Xa no ano 1936, e para non perder a carreira do Estatuto, o Partido decidiu encarcarse cara o Frente Popular. Os obxectivos políticos que perseguía, orientáronse a acadar unha autodeterminación política para Galicia dentro do marco republicano. O apoio ao Estatuto estimábase forma inicial para atinxir esa autodeterminación. Dábase cumprimento así á Declaración de Principios da III Asamblea, na que se sinalaba que o conseguimento da autodeterminación non significaba "quebrantamento da solidariedade que nos avencella natural e libremente ao Estado español".

O 16 de febreiro producíronse as eleccións a deputados, últimas da República. Nas candidaturas do "Frente Popular" figuraron os galeguistas. Encabezando a presentada por Pontevedra, saíu elixido Castelao. Na da Coruña acadaron acta, Suárez Picallo e Villar Ponte. Este finou quince días antes da data para ser proclamado. O seu enterro constituíu un feito singular de manifestación popular. Castelao fixo entón unha sentida lembranza do gran xornalista coas seguintes palabras: "Cando eu me consideraba o derradeiro supervivinte dun pobo suicida, chegou a min a voz alentadora dun escritor. Era Antón Vilar Ponte. A súa chamada tivo a virtude de xuntar a uns poucos galegos que nonos coñecíamos,

pero que dende entón ficamos unidos por vencellos que somente a morte foi rompendo... Vinte anos arreo durou a nosa amizade fraternal. Non houbo segredos nin ilusións que nonos comunicáramos, e as súas desventuras magoáronme tanto como as miñas dóres o feriron a el. Éramos verdadeiros irmáns".

Propaganda do plebiscito

A loita polo Estatuto galego foi laboriosa a causa da oposición, directa ou indirecta, de Casares Quiroga. Castelao, xunto con outros dirixentes galeguistas, estableceu un pacto con Azaña con vistas a anular o atranco do proceso autonómico que Casares posibilitara. Gracias a este pacto foi posible a realización do plebiscito. Na campaña de propaganda deste por Galicia toda, orixinouse unha gran concentración de masas populares. Na maioría dos mitins organizados no país subiu Castelao á tribuna. En Vilagarcía dixo que o galeguismo era unha doutrina, unha disciplina e unha política. Sinalou que chegara a hora de que tódolos republicanos de Galicia se consideraran irmáns na loita. Todos comprendían a gran verdade de que, desde a máis pequena porción de terra podía contemplar a grandeza do mundo. Compría desantrancar o camiño de Europa. A República e Galicia constituían as finalidades senlleiras da actuación. Fixo historia das Constituíntes que, pesie aos seus erros, podía chatarse de gloriosa. Atacou, ao cabo, humorísticamente, á xordomudez dos deputados galegos, que consentiran impasiblemente os máis viles aldraxes contra o noso país.

En Ordes, Castelao trazou unha aguda disección do caciquismo, do que fora e do que aínda tentaba ser. Estimaba que non resultaría posible extirpalo, mentres os partidos españois seguisen a considerar a Galicia como viveiro de representantes seus. Si Galicia aspiraba a ter liberdade, tiña que desenvolver unha política propia, sen escoitar o dictado de ningún amo, nen se someter a ningunha organización extraña aos seus problemas. Ocupouse do galeguismo, no referente ao melloramento da condición económica do labrego, glosando os puntos do seu programa. Engadú que o sentido de certas intervencións parlamentarias dos galeguistas, consistíu en defender o proxecto de declarar inembargable o pequeno patrimonio rústico, a exención de gravames, a extinción do foro, e a concentración parcelaria. En Moraña estudiou Castelao diversos puntos do programa galeguista, especialmente o da personalidade administrativa da parroquia e o da repoboación forestal. Con autonomía -dixo- poderíase atinxir un melloramento material e espiritual do noso pobo, cousa que sería imposible de realizar nun réxime unitario e imperialista. Pero a autonomía tiña que ser un medio e non un fin. Aludíu despois ao universalismo do "Partido Galeguista", ao que definiu como pacifista, anti-imperialista, e partidario do federalismo internacional.

En Lugo, o orador explicou os conceptos de democracia e liberdade, belas aspiracións dos homes aínda non atinxidas; pero polas que había que loitar sen falar tanto delas. Sinalou as diferencias entre países industriais -creadores dalgúns multimillonarios e de innumerables miserias- e os países agrícolas que non crean millónarios. Galicia, terra agrícola, será esa terra ideal onde non haberá un soio

millionario, pero sí moitísimos traballadores, sen miserables, si os galegos se popoñían rexila honradamente. De tódolos países de España, Galicia era o que mellor podía achegárese a ese ideal. Explicou o que, para as nosas xentes, debía ser a autonomía, e porque se defendía. A autonomía suscitaba a esperanza no porvir, como a propiciaba a República. Pero nen unha nen outra podían consistir nun fin. Os galeguistas andarían a traballar arreo para axeitar á realidade galega o proceso autonómico. E, mandase quen mandase, eles pasarían a ser fiscais dos Gobernos da nacionalidade.

No Teatro "Rosalía de Castro" da Coruña pronunciou Castelao o derradeiro discurso da campaña. Dirixíndose ao nutrido auditorio, preguntou si lle conviña a Galicia a autonomía, e si lle conviña á República a autonomía de Galicia. A resposta afirmativa foi unánime, rubricada cun afervoado ondaxe aclamatorio.

A consulta popular

Convocouse a consulta plebiscitaria para o 20 de xuño. O "Partido Galeguista" deulle á consulta unha prioridade absoluta. Non satisfacía o Estatuto, xa que logo, as súas aspiracións. Pero compría adicarlle á súa aprobación popular, o máis intenso traballo. A carta estatutaria superou o trámite establecido. Por esixencia da Constitución, os votos afirmativos tiñan que superar o 75% dos emitidos. A porcentaxe da votación chegou ao 99,2%, sumándose 991.476 dos 1.000.963 que figuraron nas urnas. Produciuse así unha xonada cívica que nunca se rexistrara na historia de Galicia. Restaba só a discusión do proxecto no Parlamento. A nivel de realizacións políticas, o "Partido Galeguista" contaba ao seu favor a posibilidade de pór en marcha o primeiro Estatuto Galego que chegara a ser refrendado popularmente.

O 14 de xullo, Gómez Román, como Segretario Xeral, e Castelao como deputado, fixéronlle entrega ao Presidente das Cortes, do texto da Carta Autonómica aprobada maioritariamente polo pobo. Tres días despois foi recibida en audiencia polo Presidente da República, a Comisión que se desprazara a Madrid para lle entregar a Martínez Barrios -xunto cos dous persoeiros galeguistas antes citados- o devandito texto. Compoñíana grupos de deputados de tódolos partidos do "Frente Popular", os presidentes das catro Diputacións provinciais, e o "Comité Central" da Autonomía de Galicia. A presentación dos comisionados correu a cárrago de Castelao. Afirmou entón que a Galicia autónoma sería unha democracia exemplar. Azaña, pola súa banda, dixo que agardaba e desexaba que o Estatuto galego servise para consolidar a República e a Democracia.

Notas da acción política

O labor político de Castelao durante o período 1931-1936 foi amplo e intenso. Nunha intervención parlamentaria en defensa da pequena propiedade ru-

ral, referiuse ao "Apéndice ao Código Civil", que se presentara ás Cortes do 1915, e que estaba aínda sen aprobar. Solicitaba, no caso, a súa elevación ao Parlamento para aprobalo unha vez posto ao día. Entendía que tal efecto era indispensable para solventar os problemas do minifundio galego. Dos coarenta e cinco deputados dos que dispuña Galicia, soamente unha dúcia asistía ás reunións nas que se planificaba a estratexia a seguir para resolver a cuestión ferroviaria que nos afectaba. Entre os máis activos negociadores figurou Castelao, con Villar Ponte e Portela Valladares. Nunha Circular dirixida aos grupos galeguistas, firmada por el, exhortáboas a que estudiasen a fondo os problemas das respectivas localidades, con vistas a formular un programa realista en futuras eleccións.

Despois de firmado o Pacto de "Galeuzca", entre vascos, cataláns e galegos, Castelao pediulles aos dirixentes de Cataluña, en nome do "Partido Galeguista", o seu apoio ao Estatuto de Galicia. Por entón tivo lugar en Barcelona unha importante reunión do propio Castelao con Cambó, encamiñada ao mesmo fin. Tamén foi protagonista o autor de "Cousas", xunto co valencianista Marco Miranda, dun proxecto para a creación dun fronte de autonomismo peninsular, que "devolva ás nacionalidades oprimidas a súa autonomía". Moitas outras notas sobre a actividade política de Castelao ata xullo do 36 poderían mencionarse. Así, a súa postura comprensiva verbo da dereita galeguista; o seu desexo, reiteradamente exposto, de evitar os ataques a Portela Valladares; as xestións persoais con Azaña en repetidas ocasións; e tantos e tantos feitos máis.

Aínda que sempre cheo de fe e esperanzado, Castelao caeu ás veces no pesimismo ante o estado de cousas no que estaba mergullado. Pero fóra dos trances depresivos, motivados polas dificultades e atrancos que se lle poñían á política galeguizadora, nunca esmoreceron os seus azos. Sempre se sentiu animado polo amor ao seu pobo, e por un fervor ideolóxico posto ao servizo do país co que estaba política, cultural, e mesmo místicamente, identificado.